

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES PARA COMPENSAR OS/AS PROFESIONAIS DA PROCURADORÍA DESIGNADOS EN VIRTUDE DE REQUIRIMENTO XUDICIAL CANDO NON EXISTA UN RECOÑECIMENTO EXPRESO DO DEREITO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Vicepresidencia e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que se poida acadar a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, e Vigo (Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se crea o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias que o Consello Xeral de Procuradores de España no ámbito territorial de Galicia. O Consello ten, entre outras funcións, a de fomentar, crear e organizar institucións, servicios e actividades en relación coa profesión de procurador/a, e colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio.

**Antecedentes:** A quenda de oficio é un servizo cuxa finalidade é garantir o dereito constitucional fundamental á tutela xudicial efectiva, e a asistencia xurídica e a representación gratuítas son unha parte importante da mesma, mais non a totalidade. Por isto, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é consciente da necesidade de dar cobertura económica aos dereitos



deixados de percibir por aqueles e aquelas profesionais designados/as de oficio que prestasen o servizo de representación en virtude de requirimento xudicial, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta, cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta ao serlle denegado o beneficio por mor de faltar a sinatura da persoa interesada na correspondente solicitude que autorice o acceso á información económica por parte da Administración, ou por insuficiencia na documentación requirida, e, non obstante, consten evidencias obxectivas da insuficiencia de recursos da persoa asistida; e, por outra banda, para compensar o servizo de representación procesual prestado a través da quenda de oficio a persoas xurídicas que carezan de patrimonio suficiente, cando resulten investigadas no curso dun procedemento penal.

Coa finalidade de garantir o dereito á defensa e a satisfacción dos honorarios dos/das profesionais que o prestan a través da quenda de oficio, resulta conveniente articular, mediante un convenio, a necesaria asistencia e apoio económico con cargo ao orzamento de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza, e Deportes para lograr a maior eficacia posible na asignación de recursos económicos asociados a esa finalidade.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos. En ningún caso excederá o 30 de decembro de 2022.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes prestará os medios adecuados ao Consello Galego dos Procuradores para que se poidan desenvolver as actuacións profesionais dos/das procuradores/as que atenden a quenda de oficio en determinadas situacións, co rigor e garantía que exige a Constitución española.



O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello Galego dos Procuradores para dar cobertura económica a aquelas actuacións dos/das profesionais realizadas en procedementos penais nos que se produce a designación de procurador/a en virtude de requirimento xudicial, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta, para a representación de persoas físicas ou xurídicas, nos cales non se produza a concesión da xustiza gratuíta no prazo dun ano desde a designación, ben por non tramitarse, ou ben por non achegarse a documentación requirida por parte da persoa beneficiaria da mesma.

Para estes efectos, o Consello Galego dos Procuradores acreditará: a designación xudicial, a intervención do/da procurador/a designado/a no procedemento e a insuficiencia de medios da persoa beneficiaria que lle permitiría o acceso ao dereito segundo a Lei 1/1996, de 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta. Esta última circunstancia xustificárase mediante certificación do correspondente Colexio de Procuradores, de que non constan en autos ingresos ou bens das persoas beneficiarias.

### **O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:**

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado/a. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar. En observancia deste dereito fundamental básico, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.



Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza, corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza.

Os seis colexios de procuradores de Galicia son os encargados, xunto cos colexios de avogados, de dar cobertura a este dereito constitucional, actuando o Consello Galego dos Procuradores como entidade colaboradora coa Administración competente en materia de xustiza e cumprindo, deste xeito, o contido que as normas legais citadas sinalan en canto a organización e funcionamento do servizo de asistencia xurídica e a quenda de oficio.

**Financiamento:** o financiamento máximo para as actuacións descritas no convenio é de cincuenta mil euros (50.000,00 euros). A mencionada cantidade imputaranse aos orzamentos de gastos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2022 na aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.2, código de proxecto 2015 00119.

Poderán realizarse pagamentos parciais trimestrais a conta da liquidación definitiva, na medida en que o Consello xustifique debidamente as actuacións realizadas, ata acadar como máximo o 80% do importe do convenio. O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará economicamente aos e ás profesionais da procuradoría que presten a representación gratuíta nos supostos previstos no convenio, segundo as contías seguintes:



A.- Persoas físicas no proceso penal: segundo as contías establecidas nos baremos de compensación económica previstos para as actuacións dos/das procuradores/as no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

B.- Representación procesual de persoas xurídicas investigadas no curso dun procedemento penal: 26,17 €.

O Consello Galego dos Procuradores comprométese a:

1. Achegarlles aos/ás procuradores/as designados/as mediante resolución xudicial, tal e como se recolle na cláusula primeira, as compensacións económicas transferidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para garantir a asistencia xurídica e a tutela xudicial efectiva.
2. Remitir á Dirección Xeral de Xustiza, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos/polas profesionais durante ese período que se atopen nas situacións previstas no obxecto do presente convenio.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



A xustificación comprenderá os gastos de accións realizadas e pagadas entre a data de sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2022, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite do 10 de decembro de 2022.

Con base no exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Tronchoni Albert  
Director xeral de Xustiza

